

## **REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**

### **Capítulo I**

#### **Disposicións xerais**

##### ***Artigo 1. Obxecto da normativa.***

O presente regulamento aplicarase ao procedemento de elección de membros da Asemblea Xeral, á Presidencia, e membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo para o período comprendido entre 2026 a 2029. Dito proceso estará regulado tamén polas normas que lle sexan de aplicación contidas na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia; polo Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas; e polo Decreto 171/2021, de 23 de decembro, polo que se modifica o anterior.

##### ***Artigo 2. Celebración de eleccións.***

A Federación Galega de Automobilismo procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidencia e Comisión Delegada no ano 2026. O calendario electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte xunto con este Regulamento, figurará como anexo á convocatoria das eleccións. Os sobres e papeletas que se empregarán achéganse como anexo a este Regulamento.

##### ***Artigo 3. Do Regulamento electoral.***

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral F.G. de A., será remitido cunha antelación mínima de corenta e cinco (45) días á data prevista para o inicio do proceso electoral á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo dun mes dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo, ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

A Secretaría Xeral para o Deporte aprobará o regulamento no prazo máximo dun mes.

A Secretaría requirirá, no seu caso, realizar as emendas oportunas, concedendo un prazo de dez días hábiles. Ditas emendas poderán ser realizadas pola Xunta Directiva ou polo Presidente da Federación, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da Asemblea Xeral, se estes foran autorizados pola Asemblea na sesión de aprobación do regulamento. Transcorrido dito mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite resolución, entenderase aprobado o regulamento.

Unha vez aprobado o regulamento pola Secretaría Xeral para o Deporte, so caberá recurso contencioso administrativo, tal e como dispón o artigo 17 do Decreto.

O regulamento electoral, será publicado no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Automobilismo e na páxina web da Federación Galega de Automobilismo ([www.fga.es](http://www.fga.es)) no apartado creado ao efecto, denominado “ELECCIÓN 2026”.

## Capítulo II

### Órganos electorais

#### **Artigo 4. Comisión xestora. Composición duración e funcións**

1. Unha vez convocadas as eleccións, a xunta directiva da federación entenderase disolta, asumindo as súas funcións unha comisión xestora.
2. A composición da comisión xestora da Federación Galega de Automobilismo, que estará formada por seis (6) membros, máis unha presidencia, será a seguinte:
  - a) Tres (3) membros e tres (3) suplentes, elixidos pola Comisión Delegada, debendo ter representación, por este orde, os estamentos de: entidades deportivas, deportistas e xuíces/árbitros. Esta regra de representatividade deberá observarse tanto na designación das persoas titulares coma das suplentes.
  - b) Tres (3) membros e tres (3) suplentes, designados pola Xunta Directiva antes da súa disolución, entre os que se deberán incluír as persoas que exercerán as funcións de Secretaría e Tesourería da federación.
  - c) A Presidencia da comisión xestora corresponderá a quen sexa elixida para tal función. Poderá exercer a presidencia a persoa titular saínte, mantendo o salario que actualmente percibe na súa condición de Presidente da Federación, coa limitación regulada no apartado seguinte.
3. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar en dita condición ó presentar a candidatura en cuestión.
4. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez tomen posesión os membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Automobilismo.
5. A comisión xestora será o órgano encargado da xestión ordinaria da Federación durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e a súa actuación atenderá aos principios de obxectividade, transparencia e igualdade.
6. Se o proceso electoral se adiaza e afectase ó desenvolvemento da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa autorización da Secretaría Xeral para o Deporte, adoptará as medidas axeitadas para asegurar o normal funcionamento da Federación.

#### **Artigo 5. Da xunta electoral.**

1. Constituirase unha Xunta Electoral, que será o órgano encargado e de control das eleccións. Deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, agás a convocatoria das eleccións e a aprobación do regulamento electoral. Así mesmo, remitirá ao Comité Galego de Xustiza Deportiva os recursos que reciban contra as súas resolucións.

2. En canto á súa composición e funcionamento, estarase ao establecido nos artigos 6 e 7 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro.

### Capítulo III

#### Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral

##### **Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.**

1. Poderán ser persoas electores e elixibles á asemblea xeral:

a) Nos estamentos constituídos por persoas físicas, isto é, deportistas e xuíces/árbitros (comisarios deportivos, comisarios técnicos, directores de carreira, secretarios de carreira, relacións cós participantes, xefes de treito e comisarios de ruta), as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1º Ser maior de idade na data de celebración das votacións.

2º Ter licenza federativa en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo na data de convocatoria das eleccións, e nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

3º Para deportistas, ter participado nas tempadas 2025 e 2024 en polo menos unha competición deportiva oficial **en cada tempada**. Este requisito non será esixido para xuíces/árbitros.

4º Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, constitúe requisito específico de elixibilidade nestes estamentos que se trate de persoas non inhabilitadas para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo, por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

b) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

1º Inscrición polo menos desde o mes de xaneiro de 2024 na Federación Galega de Automobilismo e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2º **Participación e/ou organización nas tempadas 2024 e 2025 nunha competición deportiva oficial, polo menos unha competición en cada tempada.** ~~e/ou organización nos dous anos anteriores a o do ano da celebración das eleccións, en polo menos unha competición deportiva oficial, en cada tempada.~~

3º Ter licenza federativa en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo, ~~ou ter organizado unha competición deportiva oficial na tempada de realización das eleccións.~~

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes que teñan esta consideración segundo os estatutos ou normas da Federación. A efectos electorais, equipararanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, compartan a lo menos un 50% das súas licenzas.

2. Entenderanse como competición deportiva oficial soamente as ~~celebradas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia,~~ e incluídas no calendario oficial da Federación Galega de Automobilismo. Tamén terán esta consideración as competicións estatais e internacionais oficiais da

Real Federación Española de Automovilismo e da F.I.A., ás cales a Federación Galega de Automobilismo está adscrita.

3. De pertencer a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional.

No caso de non exercer a opción individual entre xuíces/árbitros e deportistas, identificarase como xuíz/árbitro.

4. O criterio para identificar os electores nun **nunha especialidade** ~~único estamento~~, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de xuíces/árbitros, a) comisario deportivo, secretario de proba, relacións cos participantes e directos de carreira; b) comisario de ruta e xefe de treito; c) comisario técnicos, e d), cronometradores.

5. O criterio para identificar os electores **nunha especialidade** ~~nun único estamento~~, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de deportistas, a especialidade practicada coa licenza expedida con máis antigüidade, e de ser ésta a mesma, na que conte con menos electores.

6. O criterio para identificar os electores **nunha especialidade** ~~nun único estamento~~, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de entidades deportivas, a especialidade practicada coa licenza expedida con máis antigüidade, e de ser ésta a mesma, na que conte con menos electores.

~~7. No caso de non exercer a opción individual entre xuíces/árbitros e deportistas, identificarase como xuíz/árbitro.~~

**7.** Poderán ter a condición de elixibles aquelas persoas físicas e xurídicas que, atopándose sancionadas por un procedemento disciplinario deportivo, a sanción non comporte a inhabilitación da condición de elixible.

#### **Artigo 7. Das persoas electoras e elixibles á Presidencia da Federación e á Comisión Delegada.**

1. Poderán ser electoras á Presidencia da Federación e á Comisión Delegada, os asembleístas que resulten elixidos nas eleccións de 2026.

2. Poderán ser elixibles para a Presidencia da Federación as persoas que cumpran, na data de celebración da elección os requisitos establecidos no artigo 9.2 do Decreto. En canto o requisito de número de mandatos regulado no artigo 55 bis. 2.i) da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, estarase ao establecido na disposición adicional primeira da Lei 3/2025, de 15 de decembro, de modificación da dita Lei.

3. Poderán ser elixibles para a comisión delegada as persoas físicas (deportistas e xuíces/árbitros) é xurídicas (entidades deportivas) que teñan a condición de membro da asemblea xeral na data da celebración da elección.

### **Capítulo IV**

#### **Dos censos electorais**

#### **Artigo 8. Do Censo electoral.**

Elaborarase un censo que terá as seguintes fases:

- a) Censo inicial.
- b) Censo provisional.
- c) Censo definitivo.

Estará ordenado alfabeticamente por apelidos, divididos por provincias, en listas separadas polos distintos estamentos, e por especialidades deportivas.

O censo electoral incluíra aos deportistas, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na Federación e no rexistro de entidades deportivas de Galicia (en listas diferentes), que reúnan os requisitos para ser electores, de acordo co establecido no artigo 6º do presente regulamento.

Nos caso de persoas físicas (deportistas e xuíces/árbitros) incluíranse os seguintes datos: nome, enderezo, correo electrónico, número de licenza, N.I.F., pasaporte ou, se é o caso, de autorización de residencia (só aparecerán os catro últimos números), entidade deportiva, condición de deportista de alto nivel especialidade deportiva. No caso das persoas deportistas e xuíces/árbitros adscritos a un club, o enderezo e o correo electrónico para estes efectos será o do seu club, salvo que houberan indicado ou indiquen outro expresamente.

Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social, enderezo, número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia, correo electrónico así como a identificación do representante legal que exercerá o voto, e especialidade deportiva. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia de cada entidade deportiva, agás que a representación recaia nunha persoa da xunta directiva, o que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou certificado expedido polo secretario da entidade.

O tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por exclusiva finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, e a transparencia do proceso electoral. Queda prohibida a utilización e a cesión dos mesmos para ningunha finalidade distinta daquela. En todo caso, será de aplicación a normativa aplicable de protección de datos de carácter persoal.

- a) Censo electoral inicial.

Antes do 28 de febreiro de 2026, a Federación elaborará un censo electoral inicial por cada estamento, especialidade e provincia, formado por entidades, deportistas, e por cada estamento formado polos colectivos de xuíces/árbitros previstos nos estatutos.

Este censo inicial será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web da Federación na sección denominada «ELECCIÓN 2026», durante dez días naturais para a presentación de reclamacións, que se formularán mediante escrito remitido á xunta directiva, a que procederá, se é o caso, á emenda do censo no prazo de cinco días naturais.

Neste prazo, as entidades deportivas poderán solicitar que figure como representante no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición ésta que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Non cabe a representación das persoas físicas.

Rematados os prazos anteriores, remitirase o censo emendado, en soporte editable, á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo de cinco días naturais, xunto co calendario deportivo oficial do 2026, máis os calendarios deportivos das dúas temporadas anteriores, tres calendarios en total.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de 5 días naturais, emitirá un certificado onde consten as entidades que non figuran inscritas no Rexistro, ou as competicións que non se poidan considerar como oficiais.

b) Censo electoral provisional.

A Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo, á vista do certificado da Secretaría Xeral para o Deporte, eliminará no censo ás entidades deportivas galegas non inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia, así como as competicións non incluídas no calendario deportivo oficial.

Este censo de carácter provisional, publicarase xunto coa convocatoria de eleccións, e será remitido pola secretaría da Federación á xunta electoral, no prazo máximo de catro días hábiles desde a convocatoria.

Será exposto publicamente nos mesmos termos regulados na letra a) deste artigo, para a presentación das eventuais reclamacións ante a xunta electoral.

A xunta electoral resolverá en todo caso as reclamacións no prazo de cinco días naturais. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada.

Contra a resolución das reclamacións ao censo electoral provisional poderá interpoñerse, nun prazo máximo de cinco días naturais a contar desde o día seguinte a recepción da notificación da resolución da reclamación se esta é expresa, ou transcorrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver nun prazo de cinco días hábiles.

c) Censo electoral definitivo.

Una vez resoltas as reclamacións, no seu caso, a xunta electoral elevará, no día hábil seguinte, o censo electoral provisional a definitivo, contra o que non caberá recurso ningún.

O censo será exposto de novo nos mesmos lugares ata o día da votación á asemblea xeral.

3. Aprobado definitivamente o censo, a xunta electoral deberá aprobar, no seu caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignados por especialidade e estamento, separados por cada provincia por especialidade e estamento, a consecuencia das modificacións do censo electoral provisional. Contra esta resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver no prazo de cinco días hábiles.

## **Capítulo V**

### **Das mesas electorais**

#### ***Artigo 9. Mesas electorais.***

Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

I) Mesa electoral para a votación a candidaturas da asemblea xeral da Federación Galega de Automobilismo.

Constituiranse catro mesas electorais, unha por provincia, para a elección dos membros da Asemblea Xeral, que terán as seguintes ubicacións:

- En Ourense, estará ubicada en Casa de Chocolate // Avenida da Habana 79, 32004 Ourense.
- En Pontevedra, estará ubicada na sede da Federación Galega de Automobilismo, en Rúa B nº 72, baixo, C.P. 32500, Lalín (Pontevedra).
- En A Coruña, estará ubicada en EGAP // Rúa de Madrid 2, 15707 Santiago de Compostela.
- En Lugo, estará ubicada en Edificio Administrativo, Xunta de Galicia en Lugo. Ronda da Muralla 70, 27003 Lugo.

A hora de apertura das mesas electorais será as 10:00h. da mañá, e pecharán ás 14:00h.

1. A mesa electoral de cada circunscrición estará composta por tres membros titulares (unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía), e tres suplentes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

2. A designación dos membros titulares e suplentes da mesa electoral realizarase nos dous días hábiles seguintes ao da proclamación definitiva das candidaturas. O sorteo incluirá o da mesa electoral do voto por correo, e realizarase pola xunta electoral o día xxx ás xx.xx horas, na sede da Federación, Rúa B nº 72, baixo, C.P. 32500, Lalín (Pontevedra). As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo dos dous días hábiles seguintes, agás causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo.

3. Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á elección de membros da asemblea xeral.

4. Para cada mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores da súa candidatura.

5. Son funcións da mesa electoral:

a) Comprobar a identidade dos votantes.

b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.

c) Proceder ao recuento de votos.

d) Levantar acta dos votos emitidos, dos resultados e de calquera outra incidencia, así como das incidencias e reclamacións, se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

e) Remitir á xunta electoral e a Secretaría Xeral para o Deporte a acta, que será subscribida por todos os membros da mesa electoral, así como polas persoas interventoras, se as houbera, e remitirase polo secretario, ao día seguinte das votacións, á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da federación, no apartado "ELECCIÓN 2026". As papeletas e demais documentación quedará custodiada na Federación.

II) Mesa electoral de voto por correo.

A Xunta Electoral designará unha mesa electoral do voto por correo, que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo, coas seguintes peculiaridades:

- a) A súa sede será a Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Constituirase ás 16.00 horas do segundo día hábil seguinte á data de celebración da votación presencial. A persoa que asuma as funcións de secretario da xunta electoral debe achegar a esta mesa electoral o censo definitivo coa indicación das persoas que exercerán o voto presencialmente, coa finalidade de garantir que non se computen os votos por correo que puidesen emitir as ditas persoas.
- c) Formará parte da mesa como un vogal máis da mesma unha persoa que ostente a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte. No suposto de empates, o voto do presidente será dirimente.

III) Mesa electoral para a votación á Presidencia e á Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo.

- a) A mesa electoral para a votación á Presidencia da Federación constituirase o día da votación, no Edificio Polivalente ubicado na Rúa Manuel Rivero, s/n, 36500, Lalín (Pontevedra), e adecuará o seu funcionamento, obrigas e funcións ao disposto no apartado I) deste artigo.
- b) A mesa electoral estará composta por tres membros: unha presidencia, unha secretaria e unha vogalía, elixidos por sorteo entre os membros da Asemblea Xeral elixida. O sorteo será realizado pola Xunta Electoral no momento inmediatamente anterior á constitución da mesa electoral.
- c) Ostentarán a presidencia e a secretaria os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da presidencia da Federación, exercerán as funcións da presidencia e secretaria da Asemblea Xeral da Federación.
- c) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á Presidencia da Federación nin as candidatas á Comisión Delegada.
- d) Primeiro elixirase a Presidencia da Federación, e a continuación procederase á elección dos membros que correspondan da Comisión Delegada da Federación, entre os candidatos de cada estamento, polos membros asembleístas de cada un deles.

IV) Unha vez constituídos os órganos reitores da federación entenderanse disoltas as mesas electorais.

#### ***Artigo 10. Das persoas interventoras.***

1. Por cada mesa electoral, as persoas candidatas poden nomear interventoras da súa candidatura a calquera persoa maior de idade, que será identificada ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a tres días ó día de realización das respectivas votacións.

Corresponde á Xunta Electoral expedir a correspondente acreditación como persoa interventora.

2. As persoas interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitarlle certificacións e formularlle protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde para presentar recursos ante a Xunta Electoral e ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

3. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal, a observadores nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado na xornada de votación.

## Capítulo VI

### Do proceso electoral

#### **Artigo 11. Convocatoria.**

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Automobilismo, conforme a este regulamento electoral.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva disolverase, constituíndose unha Comisión Xestora que non poderá realizar máis que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións comunicárase á Secretaría Xeral para o Deporte e publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación, así como na súa páxina web, tanto na parte principal como na sección “ELECCIÓN 2026”. O acceso a esta sección non precisará de previa solicitude.

A convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e en todo caso:

- O calendario electoral aprobado e selado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
  - O censo electoral provisional.
  - A distribución dos membros da Asemblea Xeral por especialidades e estamentos.
  - A data, lugar e o horario de celebración das votacións.
  - Os modelos oficiais de sobres e papeletas.
  - O regulamento electoral.
  - O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.
  - A forma de remisión da documentación á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.
  - A composición da Xunta Electoral e prazo de recusación, así como os enderezos postal e electrónico da Xunta Electoral. Este último será independente de calquera outro correo electrónico da Federación.
4. A convocatoria deberá ser obxecto de publicidade e difusión, e como mínimo, será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web da federación galega de Automobilismo: [www.fga.es](http://www.fga.es).
  5. O acto da convocatoria poderá ser recorrido ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, no prazo de **tres días hábiles** dende a data da súa completa publicación, de acordo á certificación anterior.

#### **Artigo 12. Calendario electoral.**

1. O calendario electoral respectará os prazos, obrigas e prohibicións establecidos no decreto regulador dos procesos electorais das federacións deportivas galegas, e será aprobado e selado pola Secretaría Xeral para o Deporte xunto a este regulamento.

2. O calendario selado publicarase como anexo á convocatoria do proceso electoral.
3. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estén abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores de entidade, entenderase que remata o día inmediato seguinte.

***Artigo 13. Circunscricións electorais.***

A circunscrición electoral para elixir ás persoas representantes das entidades deportivas na asemblea xeral, membros do estamento de deportistas e membros dos estamento de xuíces/árbitros, é autonómica.

***Artigo 14. Da campaña electoral.***

1. Entendese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.
2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas, e rematará ás 00:00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación; desde este momento non se poderá realizar propaganda algunha en favor de ningunha candidatura.

***Artigo 15. Papeletas e sobres.***

1. As papeletas dos/das candidatos/as e os sobres de votación serán facilitados, en número suficiente, pola xunta electoral da federación á mesa electoral correspondente.
2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na Asemblea Xeral.

## Capítulo VII

### Do sistema de elección a membros da Asemblea Xeral

***Artigo 16. Das listas abertas.***

O sistema de votación para participar no proceso electoral a membros da Asemblea Xeral responderá ao sistema de listas abertas.

***Artigo 17. Sistema de votación a membros da Asemblea Xeral.***

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos e especialidades. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario de 10:00 a 14:00 horas, ininterrompidamente.

Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación, non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa identidade (D.N.I., pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir). No caso das persoas xurídicas, a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo.

3. As persoas electoras poderán marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata máis das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou circunscrición electoral a que pertence.

4. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á Xunta Electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da Asemblea Xeral.

5. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola Xunta Electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días que deberá resolver nun prazo de **sete** días.

6. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.

7. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupar as vacantes a que se refire o apartado anterior, exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

### ***Artigo 18. Composición da Asemblea xeral.***

1. O número de membros da Asemblea Xeral é de SESENTA E CUATRO (64) membros, de conformidade coa seguinte distribución:

a) CUARENTA E CATRO (44) representantes de entidades deportivas, que se distribúen proporcionalmente en función do número de clubs e de licencias de deportistas expedidas por cada especialidade:

- 26 de entidades deportivas organizativas/participativas en rallyes, incluídos tamén rallysprints e rallymix;
- 8 de entidades deportivas organizativas/participativas en montaña;
- 4 de entidades deportivas organizativas/participativas en autocross;
- 4 de entidades deportivas organizativas/participativas en slalom;
- 2 de entidades deportivas organizativas/participativas en karting;

b) TRECE (13) representantes de deportistas, a distribuír entre os mesmos proporcionalmente ó número de licencias expedidas por cada especialidade:

- 5 representantes do estamento de pilotos e copilotos en rallyes, incluídos tamén rallysprints e rallymix;
- 2 representantes do estamento de deportistas de montaña;
- 1 representante do estamento de deportistas de autocross;
- 1 representante do estamento de deportistas de karting.
- 1 representante do estamento de deportistas de rally raids e 4x4.
- 2 deportistas galegos de alto nivel.

c) SETE (7) representantes de xuíces/árbitros, a distribuír entre os mesmos proporcionalmente ó número de licenzas expedidas por cada especialidade:

- 1 representante de cronometradores (licenzas JCR e CR);
- 2 representante de comisarios técnicos (licenzas JCT e CT);
- 1 representante de comisarios de ruta e xefe de treito (licenzas PR e JPR);
- 3 representantes de comisarios deportivos, secretarios de proba, relacións cos participantes e directores de carreira (licenzas CD, SP, ORC e DC).

2. Os seus membros serán elixidos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os compoñentes de cada estamento, de conformidade co número e porcentaxes de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral estarán representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación: entidades deportivas, deportistas, e xuíces/árbitros.

4. A representación das entidades deportivas corresponde á presidencia ou á persoa que corresponda de conformidade cos estatutos de cada entidade. Esta representación acreditarase mediante certificación do rexistro de entidades deportivas de Galicia, na que figure expresamente as persoas que teñan a condición de representantes legais da entidade.

5. Non cabe a representación das persoas físicas.

6. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

7. A persoa titular da Presidencia da Federación será membro nato da Asemblea Xeral.

8. O Presidente da Federación desempeñará a presidencia da Asemblea Xeral.

### **Artigo 19. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral.**

1. A porcentaxe de cada estamento será nas seguintes proporcións:

a) Representantes de entidades deportivas: 70%, a distribuír proporcionalmente en función do número de clubs e licenzas de deportistas de cada especialidade (rallyes -que tamén inclúe rallysprint e rallymix-, montaña, autocross, karting e slalom).

b) Representantes de deportistas: 20%, a distribuír proporcionalmente en función do número de licenzas por cada especialidade (pilotos e copilotos de rallyes -que inclúe rallysprint e rallymix-, montaña, autocross, karting e slalom e rally raids 4x4).

Unha porcentaxe do 10% dos deportistas será elixido por entre quen ostente a consideración de deportista de alto nivel na data de aprobación do censo provisional. Os deportistas de alto nivel que

non desexen ser adscritos/as a esta cota deberán comunicalo expresamente á xunta electoral durante o período de reclamacións ao censo provisional, e de non facelo, serán encadrados na cota reservada a deportistas de alto nivel. Cando o número ou a porcentaxe de deportistas de alto nivel nunha federación non permita cubrir as vacantes correspondentes a dito colectivo, estas serán cubertas polas restantes persoas membros do estamento de deportistas.

c) Representantes de xuíces/árbitros: 10%, a distribuír do seguinte modo:

- Un 7% de comisarios deportivos, secretarios de proba, relacións cos participantes, directores de carreira, xefes de treito e comisarios de ruta, a distribuír entre os mesmos proporcionalmente ó número de licenzas de cada especialidade.

- Un 3% de representantes de comisarios técnicos e cronometradores, a distribuír entre os mesmos proporcionalmente ó número de licenzas de cada especialidade;

2. Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a Xunta Electoral, no prazo máximo de dous días hábiles, fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaria Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaria Xeral para o Deporte porá fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso administrativo.

3. A conformación da representación do estamento de entidades deportivas na Asemblea Xeral da Federación Galega de Automobilismo deberá respectar as regras do artigo 34.5 do Decreto que establece as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos selectivos electorais nas federacións deportivas galegas.

En calquer caso, todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece neste regulamento.

4. Cando o número de persoas candidatas de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros a elixir, non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes durante o período electoral dos catro anos, o presidente procederá, no prazo máximo de 3 meses, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

#### ***Artigo 20. Das persoas candidatas a membros electos da asemblea xeral.***

1. Poderá ser persoa candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente ou por escrito ante a xunta electoral no prazo de TRES (3) días contados desde a publicación do censo definitivo.

2. A xunta electoral, no día hábil seguinte, proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación Galega de Automobilismo, na sección “ELECCIÓN 2026”.

3. Poderán formularse reclamacións contra dita lista provisional de persoas candidatas no prazo de TRES (3) días hábiles ante a xunta electoral, que disporá de TRES (3) días hábiles para resolver.

4. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver no prazo de sete días hábiles.

5. Unha vez resoltos os posibles recursos si os houbera, a xunta electoral no prazo máximo de dous días hábiles, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

#### ***Artigo 21. Das candidaturas á presidencia da Federación Galega de Automobilismo.***

1. Poderá presentar candidatura á presidencia da Federación Galega de Automobilismo, aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7.

2. O prazo para presentar as candidaturas é de cinco (5) días hábiles, contados desde a proclamación definitiva de persoas membros da asemblea xeral. A presentación de candidaturas farase persoalmente ou por escrito ante a xunta electoral.

3. As persoas candidatas á presidencia deberán presentar as súas candidaturas, e deberán estar avaladas polo 10% dos membros da asemblea xeral. Un membro poderá avalar cantos candidatos considere oportunos.

4. A xunta electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada persoa candidata e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.

5. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral, no prazo de DOUS (2) días hábiles, proclamará a lista provisional de persoas candidatas, publicando a lista no taboleiro de anuncios da Federación, e na páxina web na sección “ELECCIÓN 2026”.

6. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, no prazo de TRES (3) días hábiles ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

7. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de sete días hábiles.

8. A proclamación definitiva de persoas candidatas á presidencia efectuarase no prazo de DOUS (2) días hábiles desde a resolución do recurso anterior.

#### ***Artigo 22. Proclamación dos membros da Asemblea Xeral.***

1. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da Asemblea Xeral. En caso de empate entre dous ou máis candidatos, resolverase a favor do candidato de maior idade.

2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de TRES (3) días hábiles, que deberá resolver nun prazo de SETE (7) días hábiles.

3. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos os presentados, a proclamación elevarase a definitiva.

4. As persoas candidatas que non resultaran electas, conformarán unha listaxe ordenada de maior a menor número de votos por estamentos, e cubrirán as vacantes que se produzan na asemblea xeral durante o mandato electoral.

5. No caso de renuncia ou vacante da metade mais un dos membros da Asemblea Xeral, constituirase unha comisión xestora conforme á composición establecida, que asumirá as funcións da Asemblea Xeral ata o remate do mandato electoral.

#### *Capítulo VIII. Elección da Presidencia e Comisión Delegada da Federación.*

##### **Artigo 23. Constitución da asemblea xeral.**

1. As persoas electas como membros da Asemblea Xeral tomarán posesión do seu cargo antes da súa sesión constitutiva, no prazo máximo de CINCO (5) días hábiles a contar dende a súa proclamación definitiva, mediante a presentación dun escrito dirxido á Xunta Electoral, no que a persoa elixida acepte expresamente o seu cargo. A sesión constitutiva terá lugar no Edificio Polivalente ubicado na Rúa Manuel Rivero, s/n, 36500, Lalín (Pontevedra), que se celebrará en todo caso para a elección da Presidencia, aínda que só exista un candidato.

2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constituía conforme ao disposto no artigo 9.III desde regulamento.

##### **Artigo 24. Elección da Presidencia da Federación.**

1. No día e hora fixados na convocatoria polo Presidente da Xunta Electoral, constituirase a Asemblea Xeral, en primeira ou segunda convocatoria, tendo como puntos da orde do día a constitución da Asemblea, a elección á Presidencia e ós membros da Comisión Delegada.

2. O Presidente da Federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da Asemblea Xeral presentes no momento da elección.

3. O voto dos membros da Asemblea Xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.

4. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o Presidente da mesa electoral presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.

5. Os candidatos poderán expor os seus programas (se o estiman oportuno), procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do Presidente, que será secreta.

6. No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación.

7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, realizarase pola Comisión Xestora unha nova convocatoria da Asemblea Xeral nun prazo non inferior a 7 días nin superior a 14 días hábiles.

8. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas, iniciarase o proceso de votación.

9. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da lista definitiva. Aquelas que obteñan un mínimo do 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10 % dos votos das persoas membros presentes, pasarán á seguinte votación aquelas dúas candidaturas que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10 % dos votos das persoas membros presentes, pasará tamén á seguinte votación a seguinte ou seguintes, en caso de empate, candidaturas

en número de votos. Se algunha candidatura acada a maioría absoluta dos votos nesta primeira votación, será proclamada Presidenta da Federación.

10. Na segunda votación será elixida Presidenta da Federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

11. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda votación, resultando elixida a que obteña maioría de votos emitidos. Para o caso de empate, resolverase a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na segunda votación e, de persistir o empate, a candidatura que obtivera maior número de votos na primeira votación, e no caso de persistir o empate, a favor da persoa candidata de maior idade.

12. Rematada a elección, a Secretaría da mesa electoral levantará a acta correspondente, que se exporá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da Federación, así como na páxina web da Federación na sección denominada «ELECCIÓN 2026», xunto coa resolución da Xunta Electoral da proclamación provisional da persoa elixida presidenta da Federación. Contra a resolución da Xunta Electoral, caberá interpoñer, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

13. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos, e da súa resolución, a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de Presidente ou Presidenta da Federación.

14. Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de Presidente ou Presidenta da Federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantará acta a secretaria da Xunta Electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de dous días hábiles.

### ***Artigo 25. Elección de membros da Comisión Delegada.***

1. Os membros da comisión delegada elíxense por e entre os membros da Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, podendo substituírse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan. O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección dos membros da Comisión Delegada.

2. O número de membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo é de NOVE (9) máis o Presidente, que pertence á Comisión Delegada como membro nato da mesma. Deberá gardarse a seguinte proporción:

- Un terzo da Comisión Delegada debe ser designado polo titular da presidencia da Federación (3 membros). O Presidente deberá desinalos no prazo máximo de DEZ (10) días hábiles a contar dende a súa toma de posesión.

- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e entre os mesmos (3 membros) tras a elección do Presidente da Federación, no acto da Asemblea Xeral constituinte.

- Un terzo corresponderá aos demais estamentos (3 membros), elixíndose esta representación por e entre os membros de cada estamento, en proporción a súa respectiva representación na Asemblea Xeral, tras a elección do Presidente da Federación, no acto da Asemblea Xeral constituinte.

3. Poderán ser candidatos a membro da Comisión Delegada os membros da Asemblea Xeral, para o que deberán remitir un escrito dirixido a Xunta Electoral, facendo constar a condición de membro da

Asemblea Xeral, manifestando expresamente a súa vontade de se presentar como candidato a membro da Comisión Delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de CINCO (5) días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros que compoñen a Asemblea. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación. En este caso, poderán presentarse no acto da Asemblea Xeral outros candidatos para cubrir as vacantes, que serán sometidos a votación entre os restantes membros da Asemblea. En caso de empate, procederase a unha segunda votación entre os candidatos empatados, e se persiste o empate, resolverase por sorteo.

4. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da Federación como membro nato desta. Actuará como Secretario da Comisión Delegada, o Secretario da Federación.

5. O resultado da votación incluírase na acta da Asemblea Xeral constituinte.

## **Capítulo IX. Da xornada electoral.**

### ***Artigo 26. Constitución da mesa electoral.***

1. As persoas designadas como membros da mesa electoral para a votación a membros da Asemblea Xeral e os seus suplentes, e da mesa electoral para a votación á Presidencia da Federación, reuniranse o día das votacións unha hora antes da apertura do colexio electoral, e procederán á constitución de dita mesa.

2. Se a presidencia ou os vogais non acoden, serán substituídos polos seus suplentes.

3. En ningún caso se poderá constituír a mesa electoral sen a presenza da persoa Presidenta e persoa Secretaria da mesa.

4. No caso de ausencia de Presidente e Secretario, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudan redactarán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, e asumirán a función de Presidencia e/ou Secretaría, completando a mesa, total ou parcialmente, no seu caso, cos primeiros electores que se presenten no local.

5. Transcorrida media hora desde a constitución da mesa electoral, a Secretaria redactará a acta de constitución, que será asinada pola Presidenta e Vogais.

6. A mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo para cada un dos membros da mesa.

### ***Artigo 27. Das votacións.***

1. Constituída a mesa electoral e na hora prevista, o Presidente da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.

2. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da Presidencia da mesa electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo das vinte catro horas seguintes á Xunta Electoral, a fin de que se sinale a data en que se repetirá o acto de votación.

3. O dereito a votar será acreditado pola inscrición da persoa electora no censo electoral.

4. A Secretaria da mesa electoral anotará as persoas que voten, con indicación do número co que figure no censo, así como o seu D.N.I., pasaporte ou carné de conducir, xunto coa representación con que exerce o seu dereito a voto, se se trata dunha persoa xurídica.
5. O voto será secreto, e as persoas electoras depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.
6. O Presidente da mesa electoral velará para que a entrada ao local das votacións sexa libre, manterá a orde durante a votación e escrutinio, e asegurará a liberdade das persoas electoras no colexio electoral.
7. O Presidente da mesa electoral, logo de consultar co resto dos compoñentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira coa boa marcha das votacións.
8. Rematado o período sinalado para a votación, o Presidente da mesa electoral anunciará que vai rematar e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se depositen a continuación, e non se permitirá a ninguén máis a entrada no local.
9. Acto seguido, votarán as persoas membros da mesa, sempre que teñan dereito, e declararase pechada a votación.
10. No caso de rematar o exercicio do voto da totalidade das persoas electoras que figuren no censo, o Presidente da mesa electoral dará por finalizada a xornada electoral, e poderá iniciar o proceso de escrutinio de votos.

#### **Artigo 28. Escrutinio.**

1. Declarada pechada a votación, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.
2. A Presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes, e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.
3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os compoñentes da mesa electoral.
4. Son nulos os votos:
  - Emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral,
  - As papeletas que teñan riscadas;
  - O voto no que non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida;
  - Aqueles nos que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento, ou inclúan o nome de persoas non candidatas.
  - Se o sobre contén máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido; pero se hai varias papeletas no sobre e as candidaturas marcadas son diferentes, deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse na Federación para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.
5. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta, e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

6. Feito o reconto de votos segundo as operacións anteriores, a persoa que exerza a Presidencia da mesa electoral preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

7. Concluídas as anteriores operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figuraran, obrigatoriamente, os seguintes datos:

- a) Número de persoas electoras inscritas no censo de voto por correo.
- b) Número de votos emitidos.
- c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
- d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.
- e) Observacións presentadas ante a mesa electoral, sobre a votación e o escrutinio, polas persoas candidatas ou interventoras.
- f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas, e votos particulares.

8. As actas correspondentes aos resultados das votacións, e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola Secretaria á xunta electoral e á Secretaria Xeral para o Deporte, antes das 16:00 horas do día primeiro día hábil seguinte ó da votación, para proceder ao reconto do voto por correo.

9. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da Federación e na paxina web da federación na sección «ELECCIÓN 2026 », desde o día seguinte das votacións, e durante dous días hábiles.

### ***Artigo 29. Documentación electoral.***

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral, que distribuirá en dous sobres.
2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:
  - a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
  - b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
  - c) Lista numerada das persoas votantes, e das papeletas ás cales se lles negase validez, ou fosen obxecto de algunha reclamación.
  - d) Acta de escrutinio.
3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.
4. Unha vez pechados os sobres, a Presidencia e os Vogais asinaranos por riba das solapas que os pechan, e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á xunta electoral -o sobre cos documentos orixinais-, e a Secretaría Xeral para o Deporte -o sobre coas copias-. En ningún caso se enviarán as papeletas ou algún documento adicional.

### ***Artigo 30. Do voto por correo.***

- Exercicio do voto por correo

1. O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.
2. As persoas electoras poderán exercer o seu dereito de voto por correo, de acordo co seguinte procedemento:

a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións, e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas, deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.

As persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, poderán presentalas, opcionalmente, nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do Procedemento Administrativo Común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude, ou na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do N.I.F. ou documento identificativo equivalente.

d) O envío deberá realizarse, nalgunha das oficinas de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, Secretaría Xeral para o Deporte, Rúa Madrid nº 2-4, 2º (Fontiñas), C.P. 15781, Santiago de Compostela (A Coruña), que custodiará a documentación ata o día da votación.

3. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro (24) horas antes das votacións presenciais.

4. O sobre remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte, para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos recollidos no anexo I deste regulamento.

- Escrutinio do voto por correo.

1. Constituída a mesa electoral de voto por correo, na Secretaría Xeral para o Deporte, o Presidente da mesa electoral deberá asegurarse de estar en posesión da documentación que consta no artigo 28.8, e asistirá á mesa cun borrador de acta e reconto que poderá solicitar á Xunta Electoral ou á Federación. A Secretaría Xeral para o Deporte non proverá de modelos de actas nin de copias dos censos. O Presidente retirará os precintos ás sacas, e comprobará a correspondencia entre os sobres e o censo electoral. Non se admitirán os sobres e votos daquelas persoas electoras que consten no censo electoral que votaron de forma presencial.

2. Unha vez realizada a anterior comprobación, as persoas membros da mesa abrirán o sobre principal e clasificarán os sobres por estamentos e circunscricións; de seguido, a Presidencia introducirá os sobres na urna correspondente.

3. Unha vez finalizada a introdución dos sobres nas urnas, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

4. A Presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes, anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.

5. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, redactarase a oportuna acta asinada por todas as persoas que compoñen a mesa electoral.

6. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos ós facilitados pola Xunta Electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que, por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida; aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas.

7. Se o sobre contén máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, pero se hai varias papeletas no sobre e as candidaturas marcadas son diferentes, deberá computarse como voto nulo.

8. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta, e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

9. As papeletas conservaranse na Federación para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

10. Feito o reconto de votos segundo as operacións anteriores, o Presidente preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a Presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de votos válidos, nulos, en branco, e o número de votos obtidos por cada candidatura.

11. Concluídas as operacións, as persoas compoñentes da mesa asinarán a acta da sesión, na cal figurarán, obrigatoriamente, os seguintes datos:

a) Número de persoas electoras ás que se admitiu e notificou o seu dereito a exercer o voto por correo.

b) Número de votos emitidos.

- c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
  - d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.
  - e) Observacións presentadas ante a mesa electoral, sobre a votación e o escrutinio, polas persoas candidatas ou interventoras.
  - f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas, e votos particulares.
10. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral en que consten os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola Secretaría á Xunta Electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte, antes da 16.00 horas do primeiro día hábil seguinte ao da votación.
12. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da Federación, así como na páxina web da federación, na sección denominada «ELECCIÓN 2026», desde o día seguinte das votacións e durante dous días hábiles.
- Documentación electoral.
- 1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.
  - 2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:
    - a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
    - b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
    - c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
    - d) Acta de escrutinio.
  - 3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.
  - 4. Unha vez pechados os sobres, a Presidencia e os Vogais asinaranos por riba das solapas que os pechan, e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á xunta electoral -o sobre cos documentos orixinais-, e a Secretaría Xeral para o Deporte -o sobre coas copias-. En ningún caso se enviarán as papeletas ou algún documento adicional.

## Capítulo X

### Da moción de censura

#### **Artigo 31. Moción de censura.**

A presentación dunha moción de censura contra a persoa presidenta da Federación Galega de Automobilismo axustarase ós seguintes criterios:

- a) Non poderá presentarse durante os seis (6) primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis (6) meses e un (1) ano ata a data a partires da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións, circunstancia a determinar polas normas da Federación.
- b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte dos membros da Asemblea Xeral, e incluírá necesariamente unha persoa candidata á Presidencia da Federación.

c) A presentación da moción de censura dirixirase á Xunta Electoral da Federación, que deberá resolver sobre a súa admisión ou inadmisión a trámite, no prazo de dous (2) días hábiles.

d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a Presidencia da Federación deberá convocar a Asemblea Xeral nun prazo non superior a corenta e oito (48) horas, a contar dende a notificación da súa admisión. A Asemblea Xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince días (15) nin superior a trinta (30) días, a contar dende a súa convocatoria.

e) Unha vez convocada a Asemblea Extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez (10) primeiros días seguintes á convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscribida por quen promovera a inicial.

f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da Presidencia da Federación. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a Presidencia, se requirirá que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros que compoñen a Asemblea Xeral, isto é, trinta e tres (33) asembleístas.

Se a moción fora aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que restase ata a finalización do período de mandato da anterior presidencia.

g) Se a moción fora rexeitada pola Asemblea Xeral, as persoas signatarias non poderán presentar outra ata transcorrido un (1) ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.

h) Informarase a través da páxina web da Federación, da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da Asemblea Xeral, así como do seu resultado.

i) As decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación da moción de censura, ou mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco (5) días hábiles.

## Capítulo XI

### Do réxime de reclamacións e recursos.

#### ***Artigo 32. Reclamacións ante a xunta electoral.***

1. O coñecemento de todas as reclamacións en materia electoral, corresponde á Xunta Electoral, e serán todas as súas resolucións impugnables, en segunda instancia, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. Están lexitimadas para interpoñer estas reclamacións, os representantes das candidaturas, e/ou as persoas ou entidades afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

3. As reclamacións ante a Xunta Electoral serán presentadas por escrito na sede federativa. No escrito dirixido á presidencia da Xunta Electoral, deberá constar un enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións das resolucións das reclamacións.

4. Os prazos para a presentación dos recursos, así como os recursos contra as resolucións dictadas pola Xunta Electoral, serán os fixados neste Regulamento Electoral, e respectaranse en todo caso os establecidos no Decreto que regula este proceso electoral, si se estableceran outros distintos.

### **Artigo 33. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.**

De acordo co disposto no artigo 88 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, corresponde ao Comité Galego de Xustiza Deportiva o coñecemento e resolución das reclamacións e recursos que neste proceso electoral adopte a Federación, podendo adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade do proceso electoral.

1. Contra os acordos e resolucións da Xunta Electoral, procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva; as resolucións que e diten polo Comité Galego de Xustiza Deportiva porán fin á vía administrativa.

2. Están lexitimados para interpoñer o recurso, quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral, ou as persoas interesadas directamente na súa resolución.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

a) Identificación e medio e lugar de notificacións;

b) Se é o caso, o nome, D.N.I. e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva;

c) A lexitimación para interpoñer o recurso;

d) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación;

e) As consideracións de feito e de dereito en que se baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas;

f) As pretensións que deduzan de tales consideracións;

g) Lugar, data e sinatura.

4. O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer dos seguintes recursos:

a) En primeira instancia, os recursos formulados fronte o acordo de convocatoria das eleccións, así como contra o calendario electoral.

b) En segunda instancia, os recursos formulados fronte as resolucións da Xunta Electoral.

### **Artigo 34. Interposición dos recursos.**

Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse ante a Xunta Electoral. A Xunta Electoral remitirá no mesmo día o seguinte á presentación, por correo electrónico ao enderezo [elecciones2026.deporte@xunta.gal](mailto:elecciones2026.deporte@xunta.gal), o recurso co expediente completo, máis o seu informe.

Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpoña o recurso, a resolución será firme.

### **Artigo 35. Tramitación dos recursos.**

Á tramitación dos recursos presentados ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, aplicaráselle a lexislación sobre Procedemento Administrativo Común e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites

que se axustarán ao disposto no presente decreto e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ANEXO I

**Modelo de sobres de votación e papeletas**

**A) SOBRE DE VOTACIÓN.** (Sobre 1)

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO  
ESTAMENTO DE.....  
ESPECIALIDADE DE .....  
PROVINCIA .....  
Mesa electoral .....

Indíquese, cando corresponda, se a persoa electora está incluída nalgún dos seguintes supostos:

Estamento de deportista: deportista cualificado como deportista (galego/estatal) de alto nivel.

**B) SOBRE PARA A REMISIÓN DO VOTO POR CORREO.** (Sobre 2)

Anverso:

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Enderezo:

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Automobilismo

Reverso:

Nome e apelidos /Razón Social: .....

Estamento de: .....

Especialidade: .....

Provincia: .....

Deportista de alto nivel: .....

**C) PAPELETA DE VOTACIÓN**

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACION  
GALEGA DE AUTOMOBILISMO 2026

Figurando no censo electoral da Federación Galega de Automobilismo para as eleccións a membros da súa Asemblea Xeral, e estando en representación do Estamento de \_\_\_\_\_  
(cada papeleta será específica para o Estamento concreto ao que se votará), dou o meu voto a:

- 1º.- \_\_\_\_\_
- 2º.- \_\_\_\_\_
- 3º.- \_\_\_\_\_
- 4º.- \_\_\_\_\_
- 5º.- \_\_\_\_\_



NOTAS:

1º.- Marcar cunha cruz, ata un candidato máis dos que corresponde elixir.

2º.- Calquera riscada, modificación, emenda ou corrección que figure na papeleta, poderá dar lugar á anulación do voto previa decisión da Mesa Electoral.

3º.- Non se admitirá máis que a papeleta oficial elaborada pola F. G. de A. Non se aceptan fotocopias ou reproducións.

4º.- Para evitar erros no voto por correo, é aconsellable que se utilice unha fotocopia para traballar sobre ela e unha vez tomada a decisión cubrir o orixinal remitido pola Xunta Electoral.